

REUNIÓN DO CONSELLO REITOR DA EGAP

Informes de actividades de formación 2025, previsións de actividades 2026 e execución orzamentaria.

Santiago de Compostela 22/12/2025

Preside a sesión do Consello Reitor da EGAP o Conselleiro de Facenda e Administración Pública, D. Miguel Corgos López-Prado.

A Directora dá lectura dos Informes remitidos sobre os puntos da orde do día: a seguir ábrese unha quenda de intervencións sobre toda a súa exposición.

UGT reiteramos que estas reunións no deberían ter carácter descritivo sobre os datos xa escritos no Informe remitido e debería facerse outro tipo de análise. A convocatoria e documentación debería enviarse coa antelación necesaria contado días hábiles.

Sobre o resumo de actividades, UGT SP valoramos que:

- ✚ En termos comparativos o cadro de resumo xeral de 2025 **reflicte un incremento no número de edicións e de prazas con respecto o ano anterior**; suben as actividades mediante convenio; tamén sube a formación continua da EGAP; e as prazas de formación inicial en prevención de riscos, aínda que reducindo a unha soa edición.
- ✚ **Sube a formación presencial** e a formación en liña representa o 80% (en 2024 era o 86%).
- ✚ **A media de solicitude por praza sube lixeiramente a 2,99** por praza, aínda que subiu o número de prazas, sendo moi alto o número de solicitudes por praza en **igualdade e prevención violencia de xénero co 6,26**, seguida de idiomas co 5,56, linguaxe administrativa co 5,46, administración autonómica 4,71, e o Instituto de Economía Pública, que sube a 5,53. En formación *ComDix* baixa a 3,98 cando era en 2024 de 7,84.
- ✚ **A valoración da formación** segue con puntuacións similares, sendo a mellores puntuacións en xeral as das actividades monográficas.

Sobre as actividades previstas para 2026:

- ✚ **Linguaxe administrativa**: haberá 5 edicións máis de medio (125 prazas máis) e 1 máis de superior (25 prazas adicionais). Será insuficiente e a ratio de solicitudes por praza continuará alta.
- ✚ **Formación en igualdade e prevención da violencia de xénero**: sube algo as edicións (4 máis) e prazas, pero se manteñen en 8 o número de edicións do curso básico e en 400 o número de prazas e igual sucede con curso medio (mantense 1 soa edición e 50 prazas), de xeito que segue ralentizado o cumprimento do Plan de Igualdade da AXXG nesta materia.
- ✚ **Perspectiva de xénero en PRRLL**: valoramos que se atendera á inclusión destes contidos e se dé continuidade, pero pasar de 1 a 2 edicións en 2026 é insuficiente e terá un efecto moi limitado.
- ✚ **Idiomas**: soamente se sube unha edición en nivel básico de inglés e portugués, polo que a ratio solicitude/praza seguirá alta en 2026.
- ✚ **Com Dix**: baixan as edicións e número de prazas Com Dix iniciación e suben en intermedio; baixan de 6 a 4 as probas de acceso, certificación, iniciación e se inclúen 4 probas e 500 de certificación nivel intermedio.



 **Formación por Consellerías, Xustiza, PTXAS Universidades**a Dirección da EGAP reitera sempre que é o que propoñen as Consellerías; enténdese que as novidades ou continuidade de cursos haberá que debatila noutro ámbito, pero non o hai.

Execución presupostaria

Suben os gastos correntes e os investimentos reais con respecto a 2024, preguntamos cal é a causa??. A previsión de gasto de persoal para 2026 é dun incremento do 2,44% sobre o orzamento de 2025.

A Directora manifesta que *«con carácter xeral, toma nota; son moitas as cuestións que se plantexan»*. Informa que moitas das actividades que se ten previsto celebrar van puntuar para a carreira profesional, polo que se pode esperar razoablemente que se rexistre un incremento moi sensible da demanda. Respecto ao carácter presencial ou non das actividades, indica que se deixa a criterio das persoas encargadas da docencia valorar cal é a modalidade máis pertinente en cada caso. Respecto ao resto de cuestións, remítese a unha resposta por escrito que se compromete a enviar. Solicita votación e apróbase o orzamento para 2026, que contempla un incremento do **1,05%**, situándose en **5.120.655 €**.

UGT SP expresamos o noso recoñecemento ao traballo do persoal da EGAP polo volume e calidade do traballo desenvolvido, insistindo na necesidade de que a actividade da EGAP incorpore a formación específica do persoal empregado público e a **formación para a promoción interna, carreira profesional e acceso**, e cumpra coas previsións do Plan de Igualdade. Tamén demandamos expresamente que se teña en conta no deseño da planificación dos próximos exercicios a formación requirida na futura avaliación do desempeño para a progresión e carreira profesional do persoal empregado público nas administracións de Galicia.

